

# Ons: Un país en 5 Km.<sup>2</sup>

Isidro Cortizo del Río  
Pinturas e textos



## O Curro dende o alto do Cruceiro

Entre os piñeiros veredes o campanario e, máis á esquerda, os tellados da de Checho: Edificio Consistorial...

## Os bairros...



### *Canexol ao pé do Castro*

*Canexol, Curro, Cucorno, O Cano, Pereiró, Melide... todos con cadansen río, con cadansúa fonte, con cadansúas árbores; e os paxaros ceibes cantando en todas elas.*

*As suas estradas, os seus camiños, atallos, canexas, regos e carreiros; pontes, costas e pendentes, chairas, vales, grutas e buratos.*

*Os illotes: Froitosa, Centulo, O Cairo... e Onza, o derradeiro fogar das ánimas.*

